



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA NOVE DE MAIO DO ANO DOUS MIL SETE.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as dez horas e cinco minutos do día nove de maio do ano dous mil sete, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Benito Vázquez Vázquez, da comezo a sesión extraordinaria urxente ó existir quórum suficiente e que contou coa asistencia dos seguintes concelleiros:

D. Enrique López Álvarez.
D. Celso Paz León.
D. Jesús Rodríguez Rodríguez.
D. Antonio Estévez González.
D. Francisco Veloso González.
D. Juan Manuel Ferreira Ferreira.
D. José Álvarez Pereira.
D. Xesús Deibe Fernández Simo.

Actúa como Secretaria a do Concello, Dna. Beatriz Díaz Rodríguez.

Non asisten os concelleiros D. Juan Carlos Pérez Paz e D. Antonio Pérez González.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os seguintes asuntos que conforman a orde do día:

PUNTO PRIMEIRO: CONSTITUCIÓN MESAS ELECTORAIS (ELECCIÓNS LOCAIS 2007). MEMBROS DE IMPOSIBLE NOTIFICACIÓN. SORTEO

Por parte do Sr. Alcalde – Presidente, Sr. Vázquez Vázquez, se sinala que a celebración deste pleno extraordinario urxente ten por obxecto dar cumprimento ás instrucións da Xunta Electoral de Zona de Bande ante a imposibilidade de notificar a certos cidadáns deste Concello a súa designación como membros das Mesas Electorais a constituír o vindeiro vinteseite de maio con motivo da celebración das Eleccións Municipais, segundo sorteo celebrado polo Pleno Municipal en sesión extraordinaria celebrada ás once horas do día trinta de abril do presente ano. De seguido, procede a enumerar ás seguintes persoas ás que resultou imposible facer a notificación da súa designación como Membros das Mesas electorais:

- Dna. Ana M^a Alonso González, designada 1^a suplente do 1^o Vogal no Distrito 1, Sección 001, Mesa A.

- Dna. Carmen Álvarez Álvarez, designada 1^a suplente do 2^o Vogal no Distrito 1, Sección 001, Mesa A.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

- Dna. Sara Pérez Rodríguez, designada Presidenta titular no Distrito 1, Sección 001, Mesa B.

- D. Domingo Paz Pérez, designado 1º suplente do 1º Vogal no Distrito 1, Sección 001, Mesa D.

- Dna. Eva Rodríguez Yáñez, designada 1ª suplente do 1º Vogal no Distrito 1, Sección 003, Mesa A.

- Dna. Belén Andrés González, designada 2ª Vogal titular no Distrito 1, Sección 003, Mesa B.

De seguido, o Alcalde-Presidente; Sr. Vázquez Vázquez, somete a votación a ratificación a urxencia da celebración da presente sesión plenaria extraordinaria urxente, xustificada pola premura dos prazos electorais, quedando aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres. Vázquez Vázquez, López Álvarez, Paz León, Rodríguez Rodríguez, Estévez González e Fernández Simo. (seis votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres. Veloso González, Álvarez Pereira e Ferreira Ferreira. (tres abstencións).

Concedida á palabra ó representante do Grupo Municipal do PSOE, Sr. Veloso González, comeza a súa intervención remitíndose ó exposto na anterior sesión plenaria extraordinaria celebrada ás once horas do día trinta de abril do presente ano en canto á impugnación do Padrón Municipal de Habitantes, sinalando que constitúe un auténtico delicto electoral que debe remitirse á autoridade competente. Termina a súa intervención solicitando a celebración previa de dúas probas antes de proceder ó sorteo definitivo dos Membros das Mesas Electorais a designar en substitución dos elixidos de imposible notificación.

O resultado definitivo do sorteo, despois de realizar as probas solicitadas polo concelleiro Sr. Veloso González, acadou o seguinte resultado

1º SUPLENTE DO 1º VOGAL NO DISTRITO 1 SECCIÓN 001 MESA A, en substitución de Dna. Ana Mª Alonso González: **D. JUAN MANUEL BRITO RAMOS**, provisto de DNI nº .

1º SUPLENTE DO 2º VOGAL NO DISTRITO 1 SECCIÓN 001 MESA A, en substitución de Dna. Carmen Álvarez Álvarez: **DNA: HERMELINDA LÓPEZ GONZALEZ**, provista de DNI nº .

PRESIDENTE TITULAR NO DISTRITO 1, SECCIÓN 001, MESA B, en substitución de Dna. Sara Pérez Rodríguez: **D. JOSÉ SALGADO RODRÍGUEZ**, provisto de DNI nº .



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

1º SUPLENTE DO 1º VOGAL NO DISTRITO 1, SECCIÓN 001, MESA D, en substitución de D. Domingo Paz Pérez: **D. ANTONIO VELOSO DE DIOS**, provisto de DNI nº

1º SUPLENTE DO 1º VOGAL NO DISTRITO 1, SECCIÓN 003, MESA A, en substitución de Dna. Eva Rodríguez Yáñez: **D. JOSÉ DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ**, provisto de DNI nº

2º VOGAL TITULAR NO DISTRITO 1, SECCIÓN 003, MESA B, en substitución de Dna. Belén Andrés González: **DNA. MARÍA DEL CARMEN VÁZQUEZ RODRÍGUEZ**, provista de DNI nº

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta minutos do día da data do que eu, como Secretaria, dou fe

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Benito Vázquez Vázquez

Asdo.: Beatriz Díaz Rodríguez